

BASES DA SEGUNDA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AS COBERTURAS TEMPORAIS QUE POIDAN PRODUCIRSE NO CADRO DE OFICIAIS DE ALUMEADO DO CONCELLO DE TOMIÑO.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) É obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego para cubrir as vacantes ou baixas temporais que se produzan no cadro de oficiais de alumeado do Concello de Tomiño, así como para a cobertura de necesidades do servizo, por incremento temporal e excepcional da carga de traballo, a fin de garantir o seu adecuado funcionamento.

b) As características do posto son:

- Clase: persoal laboral temporal interino.
- Nivel de titulación mínimo esixido: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.
- Grupo: IV
- Nivel: 17
- Xornada: A tempo completo.
- Retribucións: As que figuran no orzamento do Concello de Tomiño.

Funcións:

As que figuran na ficha deste posto da RPT, que son as que se indican a continuación:

- Realizar as reparacións e actuacións necesarias para o adecuado funcionamento e mantemento da rede eléctrica municipal.
- Supervisar e colaborar, directamente, na realización das actividades propias dos peóns.
- Realizar múltiples tarefas de mantemento e acondicionamento propias da súa cualificación técnica ou profesional.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

2ª.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES:

a) Ser español/a ou nacional dalgún estado membro da UE, de conformidade co previsto no artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade.



- c) Estar en posesión do Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar ou título equivalente a efectos laborais (o que deberá acreditar a persoa aspirante), tendo que presentar fotocopia acreditativa do mesmo.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións. A persoa seleccionada terá que presentar antes da sinatura do correspondente contrato e no prazo de dous días dende a proposta do Tribunal o correspondente certificado médico.
- e) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidade autónoma ou administración local, nin atoparse inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas.
- f) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- g) Estar en posesión como mínimo do título da lingua galega nivel CELGA 3 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística. Os/as aspirantes que non estean en posesión da devandita titulación deberán realizar unha proba sobre o coñecemento da lingua galega.
- h) Posuír o carné de conducir B en vigor na data de finalización do prazo para presentar a documentación.

Os extremos contidos nos apartados a) e b) acreditaranse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade; os do apartado c) e g) con fotocopia compulsada do título legalmente expedido ou certificación acreditativa; o do apartado d) a través de certificado/informe médico (só para o momento do chamamento), sen prexuízo de superar o oportuno recoñecemento médico; os do apartados e) y f) mediante declaración xurada ao efecto; o apartado h) mediante copia compulsada do carné de conducir.

Toda a documentación anterior deberá presentarse en orixinal ou fotocopia compulsada, salvo no caso de presentación por sede electrónica, no que se admitirá a presentación de copias simples.

3ª.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A convocatoria anunciarase no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e o texto completo das bases farase público tamén no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, accesible a través da sede electrónica municipal. <https://tomino.sedelectronica.gal>

O prazo de presentación de instancias será de **10 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. Os sucesivos anuncios relativos á convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.



Non se efectuarán notificacións individuais. As persoas aspirantes ás probas obxecto desta convocatoria quedarán informadas do desenvolvemento do proceso mediante as publicacións pertinentes no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

As instancias estarán dirixidas á Sra. Alcaldesa do Concello de Tomiño, podendo presentarse no Rexistro xeral en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres ou na sede electrónica do Concello de Tomiño (tomino.gal) en calquera día e hora dentro do prazo de presentación de solicitudes. Ademais, poderán cursarse polos procedementos previstos no artigo 16.4 da LPACAP. Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios electrónico (tomino.sedelectronica.gal) do Concello de Tomiño e na súa páxina web.

As persoas que presenten a instancia para participar nalgunha das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP deberán facer saber esta circunstancia ao concello mediante o envío por correo electrónico a secretaria@tomino.gal ou ao fax (986622530) da instancia debidamente selada na oficina correspondente, e sempre antes do remate do prazo de presentación de instancias. De non cumprimentar este requisito, a instancia non se admitirá se ten entrada no Concello con posterioridade ao remate do prazo para presentación de instancias.

4ª.- OUTRA DOCUMENTACIÓN:

As persoas candidatas presentarán ademais xunto coa instancia (anexo II), a relación de méritos alegados no modelo que se indica nesta resolución (anexo III), de acordo co baremo recollido para a fase de concurso, debendo acompañar ao mesmo xustificación documental dos méritos alegados (diploma, certificado ou xustificante expedido ou homologado por organismos oficiais) en orixinais, fotocopias compulsadas ou copias simples (neste último caso, so se trata dunha presentación pola sede electrónica do Concello).

As persoas que presentaran solicitude na primeira convocatoria, so terán que presentar o modelo de solicitude (Anexo II) da segunda convocatoria, indicando que o resto da documentación está no proceso selectivo da primeira convocatoria e no caso de que queiran engadir máis documentación, deberán engadila a maiores xunto co novo modelo de autobaremo da segunda convocatoria.

5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

a) Rematado o prazo de presentación de instancias, a alcaldesa do Concello de Tomiño ditará resolución aprobando a lista de persoas aspirantes admitidas e excluídas, indicando os motivos da exclusión, así como o lugar, data e hora da realización das probas e a designación do tribunal cualificador. A resolución publicarase no taboleiro de anuncios electrónico (tomino.sedelectronica.gal) do Concello de Tomiño e na páxina web municipal do mesmo concedéndose un prazo de 3 días, a partir do seguinte ao da publicación para reclamacións ou



emenda de erros. Dita lista elevarase a definitiva polo transcurso do prazo de reclamacións se non as houberse. No caso contrario, resolveranse aceptándoas ou non, e publicarase de novo a listaxe definitiva no taboleiro de anuncios electrónico (tomino.sedelectronica.gal) do Concello de Tomiño e na súa páxina web.

b) Se con posterioridade se comprobase a inexactitude ou falsidade da documentación presentada, será causa de expulsión, adoptando o tribunal a decisión que proceda.

6ª.- TRIBUNAL AVALIADOR E CUALIFICADOR:

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: a Interventora do Concello de Tomiño ou funcionario en quen delegue.
- Vogais: Catro persoas traballadoras membros do persoal laboral fixo ou funcionario dunha administración pública, nomeados pola alcaldía.
- Secretaria: a secretaria do Concello de Tomiño ou funcionario en quen delegue. A secretaria do tribunal terá voz pero non voto.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

Todos os membros do tribunal deberán contar cun nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza, ou estar integrados/as no grupo de titulación que corresponda a aquela.

A persoa que presida o tribunal estará facultada para adoptar as medidas necesarias para o mellor cumprimento das normas desta convocatoria. Os e as compoñentes do tribunal absteranse de actuar e poderán ser recusados polos motivos establecidos nas disposicións vixentes.

Todas as actuacións do tribunal publicaranse no taboleiro de anuncios electrónico (tomino.sedelectronica.gal) do Concello de Tomiño e na páxina web.

7ª.-INICIO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS:

a) Xunto coa publicación da lista definitiva das persoas admitidas e excluídas indícarase a data, hora e lugar do inicio das probas.

b) Os chamamentos para realizar os diferentes exercicios serán únicos, entendéndose que decaen dos seus dereitos os/as aspirantes que non acudan.



8ª. -FASES E DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

- FASE DE OPOSICIÓN.

Para concorrer a estas probas será indispensable que os aspirantes asistan provistos do Documento Nacional de Identidade ou de calquera outro documento de identificación oficial en vigor que acredite de forma indubidable a súa personalidade.

A) Primeiro exercicio- Proba Práctica.

Consistirá na realización e/ou execución dun ou máis supostos prácticos relacionados coas funcións propias do posto de traballo durante o tempo fixado polo órgano de selección, con posta a disposición dos aspirantes, no seu caso, de cantos medios materiais sexan necesarios para a execución dos mesmos (ferramentas, maquinaria, etc).

Sistema de avaliación: Este exercicio terá carácter eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo. Valorarase a rapidez, os coñecementos técnicos demostrados, as medidas preventivas adoptadas e a calidade do resultado acadado.

Trala realización deste exercicio e a súa avaliación, o Tribunal procederá á publicación das puntuacións e convocará as persoas aspirantes que o superasen, concretando o lugar, día e hora para a realización da proba teórica. Establecendo un prazo de 3 días hábiles para posibles reclamacións.

B) Segundo exercicio- Proba Teórica.

Realizarase unha proba teórica polos/as aspirantes que superasen a proba práctica.

Consistirá en contestar por escrito, nun período máximo dunha hora, un cuestionario de vinte e cinco preguntas con respostas alternativas na que só unha é a correcta sobre calquera das materias do programa (anexo I). Este exercicio terá carácter eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 5 puntos sendo necesario obter un mínimo de 2,5 puntos para superalo.

O tribunal establecerá cinco preguntas de reserva que substituirán pola mesma orde ás preguntas que, no seu caso, fosen anuladas.

Sistema de avaliación: cada pregunta respondida de forma correcta puntuarase con 0,20 puntos. Cada pregunta errónea restará 0,05 puntos.

Trala realización deste segundo exercicio e a súa avaliación, o Tribunal procederá á publicación das puntuacións e convocará a aqueles que o superasen e non declarasen estar en posesión do título CELGA 3 ou superior a efectos de coñecemento da lingua galega. Establecendo un prazo de 3 días hábiles para posibles reclamacións.

C) Proba de coñecemento da lingua galega.



Os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título CELGA 3 ou superior deberán someterse a un exame de galego.

Esta proba obrigatoria, non eliminatória terá carácter escrito e consistirá na tradución dun texto en castelán. A proba terá unha duración máxima de trinta minutos. A puntuación máxima desta proba será de 1 punto. Os resultados desta proba serán publicados polo tribunal cualificador.

As persoas candidatas que aporten o título de galego de Celga 3 ou superior terán directamente 1 punto.

- **BAREMO DE CONCURSO:** Esta fase de concurso será puntuada de 0 a 6 puntos como máximo.

a) **Experiencia profesional:** Por servizos prestados como oficial de alumeado ou oficial electricista en calquera administración local/pública ou empresa privada cunha categoría profesional non inferior á do posto que se convoca, a razón de 0,10 puntos por mes ata un máximo de 3 puntos.

Non se computarán servizos de duración inferior a un mes, e no caso de que se trate de xornadas parciais, a puntuación aplicarase de forma proporcional á porcentaxe sobre a xornada completa.

Forma de acreditación dos servizos: orixinal, fotocopia compulsada ou fotocopia simple (neste último caso, so se trata da presentación por sede electrónica) do contrato de traballo e da vida laboral ou certificación administrativa nos que se reflecta claramente o termo e natureza dos servizos prestados. Deberá quedar debidamente acreditada a ocupación desempeñada, a categoría e a porcentaxe de xornada.

No caso de experiencia como empresario individual, certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta nalgún dos epígrafes do IAE directamente relacionados coas funcións do posto de traballo e informe de vida laboral.

b) **Formación regrada superior:**

Título oficial de grao medio de formación profesional: 0,5 puntos

Título oficial de grao superior de formación profesional ou superior: 1 punto

Estes títulos deben referirse a especialidades directamente relacionadas coas funcións do posto de traballo convocado e so se valorará o de nivel superior.

Forma de acreditación: Diploma ou certificado do título.

c) **Curso de operador de plataformas elevadoras móbiles de persoal homologado en vigor:** 0,5 puntos

Forma de acreditación: Diploma ou certificado do título do curso.



d) Formación complementaria: Máximo 1,5 puntos.

En materias directamente relacionadas coas funcións do posto de traballo convocado, impartidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologados por estes. Non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

Horas	Puntuación
10 a 25 horas	0,10
26 a 50 horas	0,15
51 a 75 horas	0,20
76 a 100 horas	0,25
101 horas ou máis	0,30

Unicamente se valorará a formación complementaria e de perfeccionamento correspondente a Cursos de formación. Non se valorará a asistencia a xornadas, seminarios ou actividades análogas.

As persoas aspirantes acreditarán estes méritos mediante diploma, certificado ou xustificante expedido ou homologado por organismos oficiais. O Tribunal non admitirá como mérito neste apartado os certificados nos que non consten o número de horas. Non se valorarán materias, certificacións nin cursos que formen parte dunha titulación académica.

Forma de acreditación dos cursos e formación: orixinal, fotocopia compulsada ou fotocopia simple (neste último caso, so se trata da presentación por sede electrónica).

Os/as aspirantes deberán proceder á cobertura do formulario de méritos que se anexa ás presentes bases, debendo ademais xustificalos documentalmente (méritos alegados e non xustificados non serán considerados), con arranxo ao baremo que se inclúe no apartado do Baremo de concurso que figura nesta base.

O Tribunal cualificador só poderá valorar os méritos que fosen debidamente acreditados polos/as aspirantes, podendo por este motivo corrixir a puntuación previamente calculada polos mesmos.

A documentación xustificativa dos méritos deberá ir ordenada e numerada segundo a orde en que se citan os méritos no formulario de méritos. Só serán tidos en conta os méritos adquiridos con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias. Non se valorarán os alegados con posterioridade á finalización do devandito prazo.



9ª.—RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DO TRIBUNAL.

O tribunal rematada a cualificación publicará a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación, que se confeccionará cos/coas aspirantes que superando os exercicios obtiveron a maior puntuación, sumando a obtida na fase de concurso e os puntos obtidos nos exercicios das probas, dando un prazo de tres días hábiles para posibles reclamacións, as cales so serán chamadas nos casos de vacantes ou baixas temporais que se produzan no cadro de oficiais de alumeado do Concello de Tomiño, así como para a cobertura de necesidades do servizo ou por incremento temporal e excepcional da carga de traballo, a fin de garantir o seu adecuado funcionamento. Calquera proposta que contradiga o anterior será nula de pleno dereito. A devandita puntuación total será publicada no taboleiro de anuncios electrónico (tomino.sedelectronica.gal) do Concello de Tomiño e na páxina web oficial tomino.gal e é a que se utilizará para a formación da Bolsa de Emprego (Base 11).

10ª.— FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez rematado o proceso de selección o Tribunal formulará a orde de prelación na bolsa das persoas que superaron este proceso selectivo, as cales para a formalización do contrato quedarán á espera dos chamamentos nos casos de posibles renuncias, vacantes, interinidades ou reforzo temporal que se produzan no cadro de oficiais de alumeado do Concello de Tomiño, a fin de garantir o seu adecuado funcionamento, momento no que se efectuará o correspondente nomeamento pola alcaldesa, asinándose o correspondente contrato laboral temporal, quedando como suplentes por orde de puntuación o resto das persoas aspirantes.

Antes da sinatura do contrato, a persoa chamada deberá aportar o correspondente certificado/informe médico e demais documentación precisa para facer o contrato.

Ademais aquela persoa que durante o prazo de solicitude, presentara so fotocopias simples da documentación obxecto de valoración, deberá neste momento presentar os orixinais da mesma, en caso contrario, entenderase desistida da súa solicitude e pasarase a contratar á seguinte persoa por orde de puntuación no proceso de selección.

11ª.- BOLSA DE EMPREGO.

11.1.- Nos 5 días hábiles seguintes a aquel en que se faga pública polo Tribunal a orde final de puntuación dos aspirantes, a alcaldesa do Concello de Tomiño mediante resolución creará a Bolsa de Emprego. Esta resolución será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios electrónico (tomino.sedelectronica.gal) do Concello de Tomiño e na respectiva páxina web.



11.2.- A bolsa de emprego estará formada por todas as persoas aspirantes que superaron as distintas fases deste procedemento, ordenadas de xeito decrecente. En caso de empate, a orde será decidida por sorteo de carácter público.

11.3.- Esta Bolsa de Emprego utilizarase para a cobertura de prazas con carácter interino, así como para a cobertura de necesidades do servizo, por incremento temporal e excepcional da carga de traballo, a fin de garantir o seu adecuado funcionamento, e para as que se esixan os mesmos requisitos e se valoren os mesmos coñecementos que nas presentes bases.

11.4.- No caso de producirse a necesidade de prover un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas, requirirase ás persoas incluídas na listaxe coas maiores puntuacións para que nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore a este, previa presentación do informe médico e a sinatura do correspondente contrato laboral.

Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle remitirá o requirimento, indicándolle o número de orde no que se atopa na prelación establecida polo Tribunal, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á sinatura do contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación á que se refire o parágrafo seguinte ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase ás seguintes na lista.

O requirimento pode ser notificado na forma prevista na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao enderezo postal ou electrónico sinalado na instancia do presente procedemento e, de estimalo necesario, en atención ao tempo transcorrido ou por calquera outro motivo xustifico, na devandita notificación incluírase a relación da documentación que deberá presentar de novo para os efectos de comprobar que se seguen a cumprir os requisitos de participación e baremo de méritos no proceso selectivo de acordo ao previsto nestas Bases.

Do mesmo xeito, o dito requirimento poderá ser realizado de forma telefónica ou por correo electrónico no enderezo indicado na solicitude, deixando dilixencia desta actuación un traballador funcionario do Concello.

11.5.- Se a persoa aspirante non responde, unha vez realizado o chamamento, esta pasará ao último lugar da lista das aspirantes que conforman a bolsa de emprego, salvo que acredite a existencia dun contrato laboral vixente como causa da súa renuncia, ou unha situación de incapacidade laboral. No caso dunha segunda renuncia ou falta de resposta a un chamamento, salvo no caso das excepcións indicadas no parágrafo anterior, excluírase definitivamente ao/á aspirante da listaxe da bolsa.

Cando un integrante da bolsa cese no posto de traballo, reincorporarase ao posto da listaxe que lle corresponda por orde de puntuación.



11.6.- Esta Bolsa de emprego terá unha validez máxima de tres anos dende a súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico (tomino.sedelectronica.gal) do Concello de Tomiño e na páxina web do concello, de conformidade co regulado no apartado primeiro desta Base. Queda condicionada a súa utilización ao que resulte da aplicación das Bases de Execución do Orzamento, así como da lexislación relativa á contratación de persoal temporal ou interino.

12ª.—INCIDENCIAS.

A convocatoria e as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas e da actuación dos tribunais poderán ser impugnadas polas o polos interesados nos casos, termos e forma que prevé a Lei de procedemento administrativo. O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde da selección. Ademais, o tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídas a aquelas persoas aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta ao longo do mesmo.

Para o non previsto nestas bases e naquilo que as contradigan, serán de aplicación a Lei 7/85 de 2 de abril; o Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño, e demais normas de aplicación.

13ª.- PROTECCIÓN DE DATOS.

De acordo coa lexislación en materia de protección de datos, os datos das persoas participantes neste proceso serán utilizados unicamente para a avaliación dos seus méritos e para a xestión e resolución do procedemento. As persoas participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e limitación ao tratamento, e á portabilidade dos seus datos persoais e a oposición ao seu tratamento ao Concello de Tomiño (Praza do Seixo nº 1 36740 - Tomiño).

Coa sinatura da solicitude outorgase o consentimento expresamente para o devandito tratamento dos datos persoais e para que o Concello de Tomiño poida comunicar ao Servizo Público de Emprego de Galicia os datos relativos ao contrato que subscriba e o consentimento para que poidan comunicarse a terceiros datos recollidos na solicitude, co obxecto do tratamento posterior para fins estatísticos históricos.

O que se publica para xeral coñecemento.

A alcaldesa, Sandra González Álvarez

Asinado en Tomiño por sinatura Dixital Certificada na data que figura na marxe do presente documento.



ANEXO I PROGRAMA

TEMA 1.- A Constitución de 1978. Principios básicos e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

TEMA 2.- O municipio e a súa organización: O Alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno. As competencias municipais.

TEMA 3.- Persoal ao servizo do Concello. Dereitos e deberes dos/as empregados/as. Réxime de incompatibilidades.

TEMA 4.- Redes aéreas e subterráneas para a distribución de baixa tensión.

TEMA 5.- Instalacións de iluminación exterior. Alumeado público.

TEMA 6.- Redes de distribución eléctrica. Acometidas. Instalacións de enlace: caixas de protección e medida, liña xeral de alimentación, derivacións individuais, contadores e dispositivos de mando e protección.

TEMA 7.- Protección das instalacións: contra sobreintensidades, contra sobretensións, contra contactos directos e indirectos. Instalacións de posta a terra.

TEMA 8.- Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior: Eficiencia enerxética e compoñentes das instalacións.

TEMA 9.- Disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico.

TEMA 10.- Xeografía do Concello de Tomiño. Rueiro de Tomiño, parroquias, barrios instalacións municipais, áreas recreativas, parques, patrimonio.



Anexo II

MODELO DE INSTANCIA

Apelidos e Nome:	
DNI:	Data de Nacemento:
Domicilio:	
Código Postal:	Localidade
Provincia:	Teléfono:
Enderezo electrónico:	

EXPOÑO:

Que informado da **segunda** convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego para as coberturas temporais no cadro de **oficiais de alumeado**, considero reunir os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria e achego a seguinte documentación:

- Formulario de méritos.
- Copia do DNI ou documento que proceda en caso de estranxeiros.
- Copia do título académico.
- Copia do carné de conducir B en vigor.
- Copia do título da lingua galega.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

DECLARO: (marcar segundo corresponda)

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades



Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Non incorro en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

SOLICITO:

Ser admitido no proceso de selección para a creación dunha bolsa de emprego para as coberturas temporais no cadro de oficiais de alumeado (segunda convocatoria).

En, a de de 202__.

Asdo:

SRA ALCALDESA DO CONCELLO DE TOMIÑO



ANEXO III - FORMULARIO DE MÉRITOS

CONVOCATOR IA	BASES DA SEGUNDA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AS COBERTURAS TEMPORAIS QUE POIDAN PRODUCIRSE NO CADRO DE OFICIAIS DE ALUMEADO DO CONCELLO		
NOME E APELIDOS		D.N.I.	
ACREDITO O SEGUINTE:	TITULACIÓN	MEDIO DE ACREDITACIÓN E OBSERVACIÓN	COMPROBACIÓN POLO TRIBUNAL
Titulación requirida			
Carné de conducir	Tipo:	Data de caducidade:	

DECLARO

Primeiro.- Que aos efectos de valoración posúo os seguintes méritos, de acordo co establecido nas bases:
(Non cubrir o espazo reservado para puntuación comprobada polo Tribunal)

RESUMO	PUNTUACIÓN ALEGADA	PUNTUACIÓN COMPROBADA POLO TRIBUNAL
A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: <i>(Máximo 3 puntos)</i>		
B. FORMACIÓN REGLADA SUPERIOR <i>(Máximo 1punto)</i>		
C. CURSO DE OPERADOR DE PLATAFORMAS ELEVADORAS MÓBILES DE PERSOAL <i>(Máximo 0,5 puntos)</i>		
D. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA: <i>(Máximo 1,5 puntos)</i>		
E. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA: <i>(Máximo 1 punto)</i>		




Cod. Validación: 9WPD.133Y9TLK2NAXH7GSEFPZXYE | Corrección: https://tomino.comunicacion.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 de 7

A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: (MÁXIMO 3 PUNTOS)

CATEGORÍA DO POSTO / POSTO	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA EMPRESA PRIVADA	DATA INICIO	DATA FIN	% XORNADA	Nº MESES	MEDIO DE ACREDITACIÓN E OBSERVACIÓN	PUNT. ALEGADA	PUNT. TRIBUNAL

B. FORMACIÓN REGLADA SUPERIOR (MÁXIMO 1 PUNTO)



Cod. Validación: 9WPDJ33Y9TLKZHXH7G\$EPZYE | Corrección: https://tomino.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espublico | Páxina 15 a 17

TITULACIÓN	CENTRO DE IMPARTICIÓN	DATA TITULACIÓN	MEDIO DE ACREDITACIÓN E OBSERVACIÓNS	PUNT. ALEGADA	PUNT. TRIBUNAL
Título oficial de grao medio de formación profesional: (0,5 puntos)					
Título oficial de grao superior de formación profesional ou superior: (1 punto)					

Estes títulos deben referirse a especialidades directamente relacionadas coas funcións do posto de traballo ofrecido e so se valorará o de nivel superior.

C. CURSO DE OPERADOR DE PLATAFORMAS ELEVADORAS MÓBILES DE PERSOAL HOMOLÓGADO EN VIGOR : (MÁXIMO 0,5 PUNTOS)

CURSO	CENTRO DE IMPARTICIÓN	HORAS DURACIÓN	MEDIO DE ACREDITACIÓN E OBSERVACIÓNS	PUNT. ALEGADA	PUNT. TRIBUNAL

D. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA: (MÁXIMO 1,5 PUNTOS)



CURSO	CENTRO DE IMPARTICIÓN	HORAS DURACIÓN	MEDIO DE ACREDITACIÓN E OBSERVACIÓNS	PUNT. ALEGADA	PUNT. TRIBUNAL
			TOTAL		

E. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA: (MÁXIMO 1 PUNTO)

CELGA	MEDIO DE ACREDITACIÓN E OBSERVACIÓNS	APROBACIÓN POLO TRIBUNAL

Segundo.- Que se achegan coa solicitude os documentos xustificativos dos méritos esixidos en cada caso.

En, a de de 202__.

Asdo:

